

COPIA DE SEGURANZA

Ter unha copia de seguranza do noso curso sempre é interesante, aínda que o administrador da aula virtual pode facer copias de seguranza con regularidade, é unha boa práctica realizar unha nós mesmos e almacenala.

Algúns dos usos que se lle poden dar ás copias de seguranza son:

- Recuperar un curso académico de anos anteriores.
- Evitar a perda de datos ocasionado por averías ou problemas no servidor.
- Trasladar o curso a outro centro se, por exemplo, cambiamos de colexio.
- Restaurar unha actividade concreta a outro curso.

Estas son só algunhas das vantaxes do uso responsable das copias de seguranza.

Para profundizar máis no tema, debedes consultar a seguinte relativa a copias de seguranza en Moodle:

[https://docs.moodle.org/all/es/16/Copia_de_seguridad_del_Curso_\(1.6\)](https://docs.moodle.org/all/es/16/Copia_de_seguridad_del_Curso_(1.6))

PARA REALIZAR UNHA COPIA DE SEGURANZA

1. Identificádevos como profesor na aula virtual do voso centro educativo.
2. Picade en “Copia de seguranza” dende o menú Administración.
3. Fixádevos nas opcións que tedes dispoñibles e marcade, polo menos, incluír actividades, bloques, filtros e banco de preguntas.
4. Seleccionade os temas que queirades incluír na copia. Debedes marcalos todos.
5. Fixádevos no nome do ficheiro. Incluíde a data ao final como boa práctica para saber a data da copia de seguranza
6. Nesta pantalla picade en “Baixar”, para gardar unha copia de seguranza no voso equipo de traballo.
7. É recomendable que vos enviades esta mesma copia ao voso correo electrónico para dispoñer dunha copia da mesma na rede, nun servidor diferente, gardala nunha memoria USB ou noutro equipo.
8. Para restaurar a copia de seguranza debemos ir ao bloque “Importar un ficheiro de copia de seguranza” buscade o ficheiro da copia de seguranza que desexedes restaurar.
9. Seleccionade a opción que desexedes e despois picade en seguinte ata executar a restauración da copia de seguranza.